

**OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2014-2015-2016****AUXILIAR ADMINISTRACIÓN XERAL (C2) – QUENDA LIBRE E QUENDA LIBRE PERSOAS
CON DISCAPACIDADE (BOP nº 60, 26/03/2018).****ANUNCIO PREVIO Á REALIZACION DA 1ª PROBA:
05/09/2021 ÁS 16.30 HORAS- INSTITUTO FEIRAL DE VIGO (IFEVI)****ACCESO E CHAMAMENTO ÚNICO:**

O primeiro exercicio correspondente ao proceso selectivo para a cobertura de prazas de Auxiliar- C2 da quenda libre e da quenda libre para persoas con discapacidade celebrárase o vindeiro **domingo, 5 de setembro, ás 16.30 horas no Instituto Feiral de Vigo (IFEVI)**, sito na Av. Do Aeroporto, 772, 36318 Vigo, Pontevedra. As portas de acceso á zona para o chamamento abríranse unha hora antes da convocatoria. Non debe esperar no exterior, ao chegar ao IFEVI diríxase ao acceso principal e será conducido á zona de exame.

Cada opositor/a ten asignado un número que se corresponde co da primeira columna do listado da lista de admitidos/as definitivamente. Comprobe cal é o seu número e memoríceo ou apúnteo.

Os/as aspirantes accederán pola entrada principal do IFEVI ata o hall onde hai 4 portas de acceso. Cada aspirante accederá por aquela na que está sinalizado o seu número.

PORTA 1: quenda libre persoas con discapacidade (do 1 ao 14) e quenda libre do 1 ao 177 (A-COUSIDO)
PORTA 2: do 178 ao 369 (COUTO-JELUSICH)
PORTA 3: do 370 ao 562 (JIMÉNEZ-PIÑEIRO)
PORTA 4: do 563 ao 751 (PIÑÓN-YÁÑEZ)

DNI E BOLÍGRAFO:

Deberá comparecer para a realización deste primeiro exercicio provisto/a do seu DNI e co seu propio bolígrafo.

Ensinará o DNI estendendo o brazo cara a persoa que realiza o chamamento para facilitar o proceso.

XEL HIDROALCOHÓLICO E MÁSCARA NO MOMENTO DO ACCESO:

No momento do acceso indícaráselle ao/á participante que lave as mans con solución hidroalcohólica. A cada aspirante lle será facilitada unha máscara cirúrxica que deberá substituír pola que leva posta. Desta forma se garante que todas as máscaras utilizadas son conformes á normativa e cumpren os valores requiridos de BFE. Se quere conservar a que leva posta deberá ter previsto como gardala para non atrasar o chamamento.

PROHIBICIÓN DE DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS ENCENDIDOS/CONECTADOS DURANTE A REALIZACIÓN DO EXERCICIO:

Infórmase aos/ás aspirantes que durante a realización do primeiro exercicio, todos os **dispositivos electrónicos** (teléfonos móbiles, smartwatches, tablets, etc.) terán que estar **totalmente apagados/desconectados**.





XUSTIFICANTES DE ASISTENCIA:

Aqueles/as aspirantes que precisen un certificado de asistencia, deberán solicitalo por correo electrónico ao enderezo ofi.recursoshumanos@vigo.org e recibirán igualmente por este medio o certificado correspondente.

OUTRAS NORMAS:

Reitéranse as demais medidas de protección fronte ao contaxio da COVID-19 en procesos selectivos no Concello de Vigo contidas no anuncio publicado o 30/08/2021.

A secretaria
(sinatura dixital)

M^a del Carmen Pazos Area

